



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Documentación, organización e presentación dun traballo de investigación	Código	652438001		
Titulación	Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Psicoloxía				
Coordinación	Valle Arias, Antonio	Correo electrónico	antonio.valle@udc.es		
Profesorado	Rodriguez Martinez, Susana Valle Arias, Antonio	Correo electrónico	susana.rodriguez1@udc.es antonio.valle@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Nesta asignatura abórdanse diferentes aspectos vinculados á documentación científica coa finalidade de que os alumnos/as coñezan as diferentes fontes documentais, analicen diversas publicacións científicas e aprendan a organizar e presentar un traballo de investigación.				



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Os contidos non sufren ningunha modificación sustancial. De todos modos, incidirase en todo momento na comprensión por parte do alumnado daqueles contidos máis centrais e importantes da asignatura, o cal será unha prioridade nas sesións de Teams e tamén na atención personalizada do alumnado.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>As metodoloxías mantéñense, aínda que cambia na maior parte delas o formato de presentación das mesmas (que se indica a continuación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Sesión maxistral: sesión semanal a través de Teams para presentación e discusión de contidos.</p> <p>Con respecto á metodoloxía ?Estudo de casos? (descricaoión: ?Estudo e valoración de diversos manuscritos para a súa publicación en revistas científicas?) establecerase unha sesión de Teams para facer unha posta en común da análise dos manuscritos. Logo enviarán ao profesor por mail o documento elaborado en cada grupo (de 3-4 persoas máximo).</p> <p>En canto ás metodoloxías ?Traballos tutelados? (descricaoión: ?Pautas para a elaboración dun proxecto ou traballo de investigación?) e ?Investigación (Proxecto de investigación)? (descricaoión: ?Pautas para a presentación dun proxecto ou traballo de investigación?), cada alumno elaborará un proxecto ou un traballo de investigación e logo fará unha exposición vía Teams (en torno a 10-15 minutos) con presentación en PPT do traballo. Logo establecerase un debate en torno á presentación do mesmo.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Ademais de estar a disposición do alumnado nas titorías que se soliciten vía Teams, tamén haberá un contacto co alumnado vía mail.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantéñense as liñas xerais da avaliación, aínda que se establece algún pequeno cambio que se indica a continuación.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Os resumos grupais de revisións de manuscritos serán enviadas ao profesor da materia en formato PDF vía mail. Tal e como consta na guía docente da materia, esta actividade computa o 30% da cualificación final</p> <p>A exposición dun proxecto ou traballo de investigación farase vía Teams. Cada alumno/a, durante un tempo máximo de 10-15 minutos, presentará mediante PPT o traballo. Segun consta na guía docente da materia, esta actividade computa un 35% a fundamentación teórica e o plantexamento metodolóxico do traballo, e outro 35% a coherencia e claridade expositiva do traballo presentado.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Sen modificacións</p>
-----------------------------	--

Competencias do título

Código	Competencias do título
A3	Ser capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.
A5	Ser capaz de realizar unha avaliación psicolóxica no contexto dunha investigación científica.
A7	Saber realizar un seguimento sobre un caso elixindo obxectivos pertinentes e realistas.
A14	Ser capaz de analizar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación.
A15	Ser capaz de analizar criticamente as publicacións científicas.
A16	Adquirir os coñecementos e destrezas necesarias para a exposición e defensa dun traballo de investigación.



A17	Ser capaz de comunicar os resultados dunha investigación.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de organización e planificación.
B3	Traballo en equipo.
B6	Razoamento crítico.
B8	Aprendizaxe autónoma.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Analizar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación	AI14	B11 B12 B16 B18	CM1 CM8
Analizar criticamente as publicacións científicas	AI15	B11 B12 B16 B18	CM1 CM8
Adquirir os coñecementos e destrezas necesarias para definir problemas, deseñar investigacións, analizar os datos e redactar informes científicos no campo da psicoloxía e a educación	AI3 AI5 AI7	B11 B12 B16 B18	CM1
Adquirir os coñecementos e destrezas necesarias para a exposición e defensa dun traballo de investigación	AI16 AI17	B12 B13	CM1 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Documentación científica. A calidade da investigación e a calidade dos investigadores/as.	Bases de datos. Revisión bibliográfica. Clasificación de revistas científicas. Indicadores de calidade das revistas científicas. Indicadores de calidade dos investigadores/as.
O proceso de investigación. O informe de investigación.	Fases do proceso de investigación. Principais apartados dun informe de investigación. Estructura e redacción dun informe de investigación. Principais técnicas de análise de datos: exemplos prácticos.
Exposición dun traballo de investigación. Difusión e divulgación da investigación.	Cómo realizar a exposición. En qué apartados se debe incidir. A relevancia da difusión e divulgación dos resultados da investigación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A14 A15 A16 A17 B1 B2 B6 C8 C1	10	10	20



Estudo de casos	A5 A7 A15 A16 B3 B6 B8 C8	3	12	15
Traballos tutelados	A3 A5 A7 A16 A17	3	18	21
Investigación (Proxecto de investigación)	A3 A14 A15 A16 A17	3	14	17
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral dos principais contidos da materia.
Estudo de casos	Estudo e valoración de diversos manuscritos para a súa publicación en revistas científicas.
Traballos tutelados	Pautas para a elaboración dun proxecto ou traballo de investigación.
Investigación (Proxecto de investigación)	Pautas para a presentación dun proxecto ou traballo de investigación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Traballos tutelados Investigación (Proxecto de investigación)	O alumnado terá a atención personalizada que precise, tanto ao longo da docencia presencial como nas horas destinadas a tutoría.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A5 A7 A15 A16 B3 B6 B8 C8	Resumo de revisións de manuscritos.	30
Traballos tutelados	A3 A5 A7 A16 A17	Fundamentación teórica e plantexamento metodolóxico do proxecto ou traballo de investigación.	35
Investigación (Proxecto de investigación)	A3 A14 A15 A16 A17	Coherencia e claridade expositiva do proxecto ou traballo de investigación.	35

Observacións avaliación

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - León, O.G. (2005). Cómo redactar textos científicos en psicología y educación. Madrid: Netbiblo - McMillan, J.H. e Schumacher, S. (2005). Investigación educativa. Madrid: Pearson - Sternberg, R.J. (1996). Cómo investigar en psicología. Una guía para la elaboración de textos científicos dirigidos a estudiantes, investigadores y profesionales. Barcelona: Paidós - Blaxter, L., Hughes, C. e Tight, M. (2005). Cómo se hace una investigación. Barcelona: Gedisa - Colás, P., Buendía, L. e Hernández-Pina, F. (2009). Competencias científicas para la realización de una tesis doctoral. Barcelona: Davinci. - Buela-Casal, G. (2005). Manual práctico para hacer un doctorado. Madrid: EOS - Medina, A. e Castillo, S. (2003). Metodología para la realización de proyectos de investigación y tesis doctorales. Madrid: Universitas
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías